

I. DISPOSICIONES XERAIS

COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

- 4518** *Circular 3/2021, do 17 de marzo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se modifica a Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade.*

O Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exixencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural, modificou, para estes efectos, a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, co fin de transferir á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia as competencias dadas ao regulador na normativa europea.

A través da dita modificación, a Lei 3/2013, do 4 de xuño, citada, asignou á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a función de establecer mediante circular, logo de trámite de audiencia e seguindo criterios de eficiencia económica, transparencia, obxectividade e non discriminación, a estrutura e a metodoloxía para o cálculo da parte das peaxes de acceso ás redes de electricidade destinadas a cubrir a retribución do transporte e distribución, respectando o principio de sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico, de conformidade coa Lei 24/2013, do 26 de decembro.

En cumprimento do anterior, o 24 de xaneiro de 2020 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» a Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade.

A Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, estableceu na súa disposición transitoria primeira un período ata o 1 de novembro de 2020 para que comercializadores e distribuidores adaptasen os equipamentos de medida, os sistemas de facturación e os contratos á estrutura de prezos establecida na Circular.

O Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, impón ás empresas que operan no sector eléctrico unha serie de obrigas para os efectos de mitigar o impacto da crise sanitaria sobre os consumidores e, particularmente, sobre os consumidores considerados vulnerables.

A crise sanitaria, así como o conxunto de medidas dirixidas a garantir a continuidade da subministración enerxética, tiveron un impacto sobre os traballos que debían acometer as empresas distribuidoras e comercializadoras para adaptar os equipamentos de medida, os sistemas de facturación e os contratos á estrutura da Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade.

Por outra parte, o artigo 16 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, dispón que o Goberno, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, establecerá a metodoloxía de cálculo dos cargos que deberán satisfacer os consumidores e, de ser o caso, os produtores de enerxía eléctrica, e que cubrirán os custos do sistema que se determinen.

Neste contexto xustificouse a modificación da Circular 3/2020, mediante a Circular 7/2020, do 22 de xullo, para os efectos de ampliar o período de que dispoñían as empresas distribuidoras e comercializadoras para se adaptaren a ela e cun prazo de tempo suficiente

para que, unha vez superado o estado de emerxencia, fose aprobado o real decreto polo que se establece a metodoloxía de determinación dos cargos.

Porén, é previsible que a aplicación efectiva dos valores dos cargos que aprobará o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico se vaia producir nunha data posterior á inicialmente prevista. Isto aconsella a modificación do número 5 da disposición transitoria primeira da Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, co fin de aclarar que, en todo caso, ata que sexan de aplicación os valores dos ditos cargos, se aplicarán as peaxes de acceso e as condicións de facturación vixentes con anterioridade á entrada en vigor da citada Circular 3/2020.

Por todo o anterior, conforme as funcións asignadas polo artigo 7.1.a) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, logo de trámite de audiencia, o Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na súa sesión do 17 de marzo, acordou emitir a presente circular.

Artigo único. Modificación da Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade.

A Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade, modifícase da seguinte maneira:

Un. O número 1, parágrafo primeiro, da disposición transitoria primeira substitúese polo seguinte:

«1. As empresas distribuidoras e comercializadoras adaptarán os equipamentos de medida, os sistemas de facturación e os contratos ao disposto nesta circular antes do 1 de xuño de 2021.»

Dous. O número 6 da disposición transitoria primeira substitúese polo seguinte:

«6. As empresas distribuidoras comunicarán ás comercializadoras o momento en que se adaptou o equipamento de medida.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

A presente circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de marzo de 2021. A presidenta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, Cani Fernández Vicién.